



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 07 de xaneiro de 2021 (945/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (videoconferencia)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de xaneiro de dous mil vinte e un, en primeira convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DE MODIFICACIÓNS E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CUSTO DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8685/113.

Visto o informe xurídico do 17/12/2020 e o informe de fiscalización do 23/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/12/2020, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, polo xefe do servizo de Admon. Electrónica, pola concelleira delegada de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o primeiro ano do contrato do Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización

económica correspondente ao citado período. O contrato iniciouse o 1/7/2019 e ten unha duración prevista de 4 anos con opción a 1 ano de prórroga.

1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 15 das FEC do prego de cláusulas administrativas aprobadas con data 23/03/2019

Segundo a cláusula 15 das FEC pertencentes o PPS que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas pola Concelleira Delegada de Administración Electrónica durante o período 1/07/2019 a 30/06/2020.

“15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR:

- *Incorporación de novos servizos de telecomunicación.*
- *O número e dimensión dos servizos unitarios contratados.*

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- *A variación do número de sedes ou instalacións municipais.*
- *Variación do consumo total de chamadas de voz contratado igual ou superior o 10%, tanto por exceso como por defecto, respecto ó estimado na oferta.*
- *Variación do número de SMS consumidos respecto o estimado na oferta.*
- *Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato que non estivesen dispoñibles no momento da contratación e que o Concello de Vigo necesite para os seus fins.*
- *Altas ou baixas dos servizos unitarios contratados por variación das necesidades municipais.*
- *Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos.*

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós prezos unitarios ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

O aboamento dos custos das modificacións aprobadas realizarase mediante as regularizacións anuais previstas.

Debido o dinamismo das necesidades do Concello de Vigo, as modificacións aprobaranse por resolución do concelleiro delegado e darase conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes con carácter como mínimo anual. “

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz e mensaxes (SMS). A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A



Concello de Vigo

continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados nas circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 15 das FEC.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2019e o 30 de xuño de 2020 que afectan os custos de tipo fixo

<u>EXPEDIENTE</u>	<u>SERVIZO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE</u>
6/2120	POLICIA LOCAL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
17343/101	ALCALDIA	Alta 2 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	832,80 €
192337/301	CONCELLERIA DE POLITICA DE BENESTAR SOCIAL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
17356/101	ALCALDIA	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
23/701	COMITE DE PERSONAL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	492,00 €
23818/332	EDUCACION	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
11916/255	CEMITERIOS	Alta 2 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	832,80 €
14440/306	MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
66702/212	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
7744/302	OMIC	Alta 2 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	832,80 €
6274/440	ÁREA DE FOMENTO	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
5899/213	EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO	Alta 2 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	832,80 €
889/2202	ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN - SPPRL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
35614/502	INSPECCION DE TRIBUTOS	Alta 3 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	1.249,20 €
6436/440	ÁREA DE FOMENTO	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
589/201	CONSERXERIA	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
35605/220	ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN	Alta 2 Smartphone gama media + tarifa plana estándar	832,80 €
197835/301	CONCELLERIA DE POLITICA BENESTAR SOCIAL	Alta 15 móbiles básicos	600,00 €
24335/332	EDUCACIÓN	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
9961/224	IGUALDADE	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €

18/2120	POLICÍA LOCAL	Alta 2 móbiles básicos	80,00 €
23166/541	TESOURARIA	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
199851/301	CONCELLERÍA DE POLITICA DE BENESTAR SOCIAL	Alta SEDE TIPO B (sede provisional UBAS Casco Vello)	3.827,88 €
9203/113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	300 MODEMS WIFI PARA O PROGRAMA VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL – COVID19 ALTA 150 TARIFAS DATOS ESPECIAL COVID 19 3 meses	17.400,00 €
822/1102	SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL	Alta Smartphone gama media + tarifa plana estándar	416,40 €
828/1102	SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL	Alta móbil básico	40,00 €
2758/341	SERVICIO DE MUSEOS	Alta móbil básico	40,00 €
3699/611	CONCELLERIA DE DEPORTES	ALTA COMUNICACIÖNS 4G PROVISIONAIS PARA ESTADIO ATLETISMO BALAÍDOS	492,00 €
	TOTAL		34214,68

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o primeiro ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

BAIXAS	unidades	Custo FIXO unitario anual sen ive	COSTE ANUAL sen IVE
smartphones(tarifa datos)	6,00	224,40	1.346,40
tarifas datos IOT	23,00	48,00	1.104,00
Móbiles basicos	3,00	0,00	0,00
SEDE tipo A	2,00	3.469,20	6.938,40
Liñas RTB	2,00	161,28	322,56
Liñas ADSL	3,00	326,16	978,48
Total			10.689,84

O total estimado anual sen ive dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **23.524,84 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

No tocante os custos dos **servizos variables**, é dicir, chamadas de voz e SMS, non procede realizar regularización xa que o licitador ofertou na súa proposta unha tarifa plana xa engadida nos custos fixos e polo tanto os custos variables son 0.



Concello de Vigo

		Proposta Telefónica		
		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas de voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
Suma totales		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **23.524,84 (€)** e dos custos variables **0 (€)** resultando unha cantidade de **23.524,84 € sen IVE**, que supón un **5,45 %** do prezo oferta anual **431.522,25 € (sen IVE)** e un **1,36 %** da oferta total de 4 anos, inferior o **20% máximo de modificacións previstas no PPS**. Esta é unha estimación anualizada.

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 11 das FEC do PPS, sobre réxime de pagamento:

“11.RÉXIME DE PAGAMENTO:

O contrato aboarase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente.

O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.

A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.

Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da Xunta de Goberno Local e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas.

Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 5.4 do PPT.”

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a **522.141,992** euros (IVE engadido), o que supuxo unha facturación mensual de **43.511,83** euros para o primeiro ano do contrato.

Segundo a proposta de regularización anual de data 30 de novembro de 2020 con número de documento 0-200253351 realizada polo adxudicatario e anexada o expediente, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe ANUAL oferta inicial	Importe real 1º ano	Importe abonado 1º ano	Diferenza 1º ano importe real- importe abonado
Custos Fixos	431.522,25	445.912,26	431.522,25	14.390,01
Custos variables (chamadas voz)	0,00	0,00	0,00	0,00
Custos variables (SMS)	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	431.522,25	445.912,26	431.522,25	14.390,01

En resume:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2019-20	431.522,25 €		
Custo real 2019-20	445.912,26 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	14.390,01 €	3.021,90 €	17.411,91 €

A diferenza das modificacións aprobadas (**23.524,84 €**) e a regularización real (**14.390,01 €**), **datos sen IVE**, débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A porcentaxe da modificación real do primeiro ano de contrato supón **3,33%** sobre o custo total do primeiro ano de contrato e dun **0,83%** do importe total dos 4 anos, inferior o total previsto do 20%.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total de **17.411,91€**,



Concello de Vigo

IVE 21% xa engadido, segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude da resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e 26.06.2019 e posteriores modificacións, así como do acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019 e 04.07.2019 e posteriores modificacións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas pola concelleira delegada de Administración Electrónica con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2019 e o 30/06/2020, por unha cantidade anualizada de **23.524,84 € sen IVE**
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2019 e o 30/06/2020, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **17.411,91€, IVE 21% xa engadido**. Este importe supón o 3,33% sobre o custo total do primeiro ano de contrato e do 0,83% do importe total do contrato.
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **17.411,91 €** (base impoñible **14.390,01 €**, tipo IVE 21%, importe IVE **3.021,9 €**) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

2.- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL ACORDO XGL DO 30/12/2020, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RR HH E NÓMINAS. EXPTE. 9301/113.

Dáse conta do informe-proposta do 05/01/2021, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Admon. Electrónica, polo xefe do Servizo de Admon. Electrónica, pola concelleira delegada de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Na Proposta de aprobación do expediente 9301-113 rectificada de 28-12-2020, a rectificación realizada nos Antecedentes non se reflectiu correctamente no correspondente punto do Acordo e polo tanto non figura a data correcta do PCAP que se aproba. En aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, precísase rectificar o dito erro no acordo adoptado pola XGL de 30 de decembro de 2020.

PROPOSTA:

Aprobar a rectificación do punto **primeiro** do **Acordo** da Proposta de Aprobación do Expediente de MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RRHH E NÓMINAS, de data 28-12-2020, que queda redactado como segue:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do mantemento da aplicación de Xestión de RRHH e Nómina:*

- *Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración electrónica en data 27/08/2020, e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de data 28/08/2020.*
- *Memoria económica, asinada pola adxunta ao xefe do servizo en data 29/09/2020, e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 30/09/2020, e conformada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares, de data 27/10/2020 e asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.*
- *Memoria xustificativa, de data 25/11/2020, asinada pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada na mesma data. Rectificada en data 23/12/2020, asinada na mesma data por as mesmas persoas de Administración Electrónica e conformada pola Concelleira delegada en data 24/12/2020.*
- *Informe do Servizo de Contratación, de data 26/11/2020, sobre a realización das comprobacións necesarias*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, asinado en data 26/11/2020 pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do servizo de Contratación.*
- *Dilixencia do servizo de Contratación sobre Corrección do PCAP, asinada en data 28/12/2020 pola Xefa do Servizo de Contratación, e novo PCAP rectificado e asinado na mesma data 28/12/2020.*

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3.- DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XULLO A DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 24822/332.

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/12/2020, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2020, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2020 (Expte 24087/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **20 de Xullo ate 17 de decembro do 2020, elévanse á cantidade de 98 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronoloxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xullo a decembro de 2020, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no

artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **3.751,36.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xullo a decembro de 2020, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****4805, GRUPO A2 (30/07/2020 - 17/12/2020)	20 X 39,78.-€	795,6.-€
Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1 (06/10/2020 - 27/10/2020)	3 X 39,78.-€	119,34.- €
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1 (03/09/2020 - 01/12/2020)	10 X 39,78.-€	397,8.-€
Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: ****6963, GRUPO A1 (31/07/2020 - 06/10/2020)	3 X 39,78.-€	119,34.-€
Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1 (31/07/2020 - 09/11/2020)	8 X 36,72.-€	293,76.-€
Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654 GRUPO C1 (03/08/2020 - 14/12/2020)	12 X 36,72.-€	440,64.-€
Zona 8.- MARÍA JOSÉ FARALDO RIVAS, NIF: ****6377, GRUPO C2 (06/10/2020 - 27/10/2020)	3 X 36,72.-€	110,16.-€
Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: ****8668, GRUPO A2 (30/07/2020 - 24/11/2020)	6 X 39,78.-€	238,68.-€
Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1 (20/07/2020 - 29/10/2020)	13 X 36,72.-€	477,36.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2 (03/09/2020 - 17/11/2020)	6 X 39,78.-€	238,68.-€
Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 3606****, GRUPO A2 (04/09/2020 - 06/10/2020)	2 X 39,78.-€	79,56.-€
Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1 (13/10/2020 - 03/12/2020)	4 X 36,72.-€	146,88.-€
Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2 (04/09/2020 - 27/10/2020)	5 X 36,72.-€	183,6.-€



Concello de Vigo

Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2
(06/10/2020 - 29/10/2020) 3 X 36,72.-€ 110,16.-€

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4.- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL ACORDO XGL 30/12/2020, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 24685/332.

Dáse conta do informe-proposta do 17/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Educación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2020 acordou o seguinte:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 24/11/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 28/12/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.197.382,52 euros (211.356,16 € na anualidade de 2021; 299.345,63 € nas anualidades 2022, 2023 e 2024; e 87.989,47 € na anualidade de 2025) para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.05 (“EIM Navia”), e bolsa de vinculación.

Ao tratarse da tramitación anticipada dun contrato cuxa execución material vai començar no próximo exercicio, conforme ao previsto na D.A. 3ª LCSP, sométese a súa adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financiaran o contrato.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Como pode apreciarse no acordo existe un erro na data do Prego de prescricións técnicas que é 25/11/2020 e non a que figura no punto 2º do acordo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse o seguinte erro material no apartado segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2020;

- Onde dí “Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 24/11/2020 redactado polo Servizo de Educación” debe dicir “Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 25/11/2020 redactado polo Servizo de Educación”

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2020 na aprobación do expediente 24685-332 para a contratación do servizo para a xestión da Escola Infantil Municipal de Navia por procedemento aberto que quedará redactado da forma seguinte:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 25/11/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 28/12/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.197.382,52 euros (211.356,16 € na anualidade de 2021; 299.345,63 € nas anualidades 2022, 2023 e 2024; e 87.989,47 € na anualidade de 2025) para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.05 (“EIM Navia”), e bolsa de vinculación.



Concello de Vigo

Ao tratarse da tramitación anticipada dun contrato cuxa execución material vai comezar no próximo exercicio, conforme ao previsto na D.A. 3ª LCSP, sométese a súa adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financiaran o contrato.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE NO MES DE DECEMBRO 2020. EXPTE. 10629/224.

Dáse conta do informe-proposta do 04/01/2021, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Igualdade:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de decembro do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
10560-224	CMS R	Traballos a realizar na paxina web e redes sociais da Concellería de Igualdade (dominios, aloxamento, e inserción de novos contidos),	ALÉN MULTIMEDIA, SL	23112279903	02/12/2020	919,60 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

6.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 2877/334.

Dáse conta do informe-proposta do 29/12/2020, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de área:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de decembro de 2020.

Expediente	2829-334. REVISIÓN, TRATAMENTO E PUBLICACIÓN DO LIBRO SOBRE A TOPONIMIA DA PARROQUIA DE VALADARES, CORRESPONDENTE Á COLECCIÓN TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO
Resolución concelleira	data 18 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 78528
Adxudicatario	CVC Valadares
Importe	3.060,00 euros

Expediente	2835-334. ELABORACIÓN DUN PROXECTO EDUCATIVO, UNIDADE DIDÁCTICA SOBRE A TOPONIMIA E A LINGUA GALEGA DIRIXIDA A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS
Resolución concelleira	data 11 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 75728
Adxudicatario	Vera Álvarez Suárez
Importe	504,00 euros

Expediente	2837-334. REALIZACIÓN, GRAVACIÓN E POSTA Á DISPOSICIÓN DO SNL DOS CONCERTOS (MÚSICA MIÚDA E HISTORIAS DE BEMOL PEQUENO)
Resolución concelleira	data 16 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76207
Adxudicatario	Irene Quinteiro Blanco
Importe	1.430,00 euros

Expediente	2839-334. 1 CONCERTO DE MÚSICA INFANTIL, A GRAVACIÓN DESTE E OS DEREITOS PARA A SÚA REPRODUCCIÓN
Resolución concelleira	data 16 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76341
Adxudicatario	Pablo Andrés Díaz Carro
Importe	1.100,00 euros

Expediente	2840-334. GRAVACIÓN E EDICIÓN DO ESPECTÁCULO (RAMONA ÓRBITA) PARA VISUALIZACIÓN EN LIÑA DURANTE 1 MES
Resolución concelleira	data 17 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76866



Concello de Vigo

Adxudicatario	Francisco M. Cerdeira Castiñeiras (nome artístico: Pakolas Gominolas)
Importe	605,00 euros

Expediente	2841-334. REALIZACIÓN DE 3 CONTADAS EN GALEGO DIRIXIDAS A PÚBLICO INFANTIL (ANTÓN E O APALPADOR, PEPIÑA MARUXIÑA QUERE VOAR E XAN DAS ONDAS) CUXA FINALIDADE É A RECUPERACIÓN DOS COSTUMES DO NADAL GALEGO ASÍ COMO DINAMIZAR O USO DA LINGUA PROPIA ENTRE AS E OS CATIVOS
Resolución concelleira	data 18 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 77021
Adxudicatario	Barafunda, S.L.
Importe	1.210,00 euros

Expediente	2842-334. MERCA DE LIBROS DE CONSULTA, DICIONARIOS E NARRATIVA
Resolución concelleira	data 17 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76865
Adxudicatario	Editorial Xerais
Importe	472,07 euros

Expediente	2844-334. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PROCURAR ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO INFANTIL, (CANTOS, CONTOS, CONCERTOS, POEMAS...); A GRAVACIÓN, PRODUCCIÓN, XESTIÓN DESTAS ACTIVIDADES. ASEMADE, A POSTA A DISPOSICIÓN DESTAS ACTIVIDADES GRAVADAS NUN enlace privado na páxina web da CNL, e mantemento durante 1 ano
Resolución concelleira	data 17 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76867
Adxudicatario	Publifive, Sociedade Cooperativa Galega
Importe	8.401,48 euros

Expediente	2845-334. RETRANSMISIÓN EN DIRECTO E GRAVACIÓN DUNHA CONTADA EN GALEGO DIRIXIDA A PÚBLICO INFANTIL
Resolución concelleira	data 17 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 76869
Adxudicatario	Eventos Espectaculares del Noroeste, S.L.
Importe	1.028,50 euros

Expediente	2851-334. REALIZACIÓN DE 12 SESIÓNS CIENTÍFICAS (CADA UNHA DELAS CONTA CON TERMO MEDIO 5 EXPERIENCIAS-) GRAVADAS E ACOMPAÑADAS DE CADANSÚA UNIDADE DIDÁCTICA. SESIÓNS DIRIXIDAS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS, E QUE PERMANECERÁN COMO RECURSO PARA OS CENTROS EDUCATIVOS
Resolución concelleira	data 23 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 79184
Adxudicatario	Ceo Aberto, S.L.
Importe	5808,00 euros

Expediente	2857-334. Contratación da creación, xestión, e mantemento de paseos literarios pola cidade a través da páxina web da CNL: snl.vigo.org , así como a creación de dous percorridos literarios, como acción dinamizadora da lingua de noso e achegamento da literatura galega que ten como protagonista/lugar da narración, a cidade de Vigo
Resolución concelleira	data 28 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 80107
Adxudicatario	Desoños, comunicación visual, S.L.
Importe	1.974,72 euros

Expediente	2864-334. Subministración de marcapáxinas (3 modelos, 10.000 unidades de cada) 2 lonas de fondo de escenario e 6.000 pulseiras de cores (infantís e para adultas) como achegas para as persoas que acoden ás actividades de fomento á lectura en galego, do libro e das letras galegas
Resolución concelleira	data 23 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 80297
Adxudicatario	Somsmagenta, S.L.
Importe	6.358,55 euros

Expediente	2865-334. REALIZACIÓN, E PRESENTACIÓN EN FORMATO DIXITAL DE 4 ACTIVIDADES DE MÚSICA INFANTIL EN GALEGO, ARROLOS E XOGOS DE MANS PARA BEBÉS
Resolución concelleira	data 23 de decembro de 2020
Informe Intervención	RC 80299
Adxudicatario	Luís Prego Fernández
Importe	800,00 euros



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

7.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 3684/330.

Dáse conta do informe-proposta do 28/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, nos meses de NOVEMBRO e DECEMBRO de 2020.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3595/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN TÉCNICA OBRIGATORIA DAS LIÑAS DE VIDA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS E EQUIPAMENTOS MUSEÍSTICOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA	B36476612 ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTOR	1.554,85 eur
3602/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A REPARACIÓN DOS EQUIPOS DE DIMERIZACIÓN DOS PROXECTORES DE ILUMINACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B87037883 FLUGE GALICIA, S.L.	2.303,84 eur
3614/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 200 EXEMPLARES DO LIBRO "RELATOS NA RÚA VII"	B27773266 MUNDO DETRAS DO MARCO S.L.	2.800,00 eur
16114/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO BOBINADO DO ELEVADOR NA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	A28791069 KONE ELEVADORES, S.A.	1.802,21 eur
16117/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE MELLORAS NO SISTEMA CONTRAINCENDIOS DA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	B87222014 PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES	4.999,12 eur

16120/33 1	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA SERVICIOS DE RETIRADA DE MATERIAIS ELECTRÓNICOS EN DEPENDENCIAS BIBLIOTECARIAS PARA ENTREGA A PUNTO LIMPO	B27736768 REVERTIA REUSING AND RECYCLING, SL	396,00 eur
---------------	--	---	------------

A Xunta de Goberno Local queda informada.

8.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS, NO MES DE NOVEMBRO DE 2020. EXPTE. 2919/341.

Dáse conta do informe-proposta do 28/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de NOVEMBRO e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2861/341. Produción de elementos de difusión de novas datas da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". PUBLIGAL, SL. RCM 66885.	12/11/20	614,44 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2831/341. Servizos de redacción do proxecto dunha exposición de Javier Teniente na Casa das Artes. JORGE LENS LEIVA. RCM 65945.	09/11/20	2.353,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2859-341. Produción xeral exposición "...DE MI CASA" de Román Pereiro na Casa Galega da Cultura. SONIA OTERO GONZÁLEZ. RCM 67526	10/11/20	1.373,35 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6906/337. Elaboración do proxecto expositivo "Espazo aberto". MIRIAM ELENA CORTÉS LÓPEZ. RCM 65206.	5/11/20	1.999,99 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6895/337. Reparación do tramo de enlace entre o canalón da cuberta da fachada traseira do Pazo Museo Quiñones de León e a cazoleta da baixante. MARS, mantenimiento recuperación y servicios S.C.G. RCM 65669.	09/11/20	943,80 €
MUSEO	Expte. 6912/337. Subministro e instalación de equipo	19/11/20	6.727,60 €



Concello de Vigo

QUIÑONES (337)	SAI do Museo Municipal "Quiñones de León. ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L. RCM 68710		
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6913/337. Contrato de restauración de obra "Retrato do infante Alfonso XIII" de Benigno Pereira Borrajo, n.º de inventario 9158. CREA RESTAURACIÓN, S.L. RCM 67527	13/11/20	2.923,97 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte 6916/337. Servizo de tratamento de recheo dos coxíns pertencentes a un tresillo formado por sofá e dúas butacas da colección do Museo Municipal con n.º de inventario 1275-1, 1275-2 e 1275-3. MANUEL LAMARCA TAPICERÍA E DECORACIÓN. RCM 71950.	23/11/20	928,07 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6921/337. Servizos de tratamento de conservación preventiva da serie "Cousas da vida" de Castelao n.º inv 571 a 680. M.ª ROSA SEOANE GÁMEZ. RCM 72192.	27/11/20	1.790,80 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6924/337. Traslado de obras de arte dende a Pinacoteca FFDR aos almacéns do Museo Marco. MARÍA BARRIEGO HERNÁNDEZ. RCM 72957	30/11/20	447,70
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte 6920/337. Servizo de embalaxe da colección de instrumental científico do Concello de Vigo; a favor de JOSE MANUEL MUIÑOS RODRIGUEZ. RCM 72956.	30/11/20	2.383,70 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A "RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL SANTA MARIÑA-CABRAL", EXPTE. 4634/443.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/12/2020, asinado pola técnico de xestión da Área Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA – CABRAL, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL

NOVECIENTOS OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (499.908,29 Euros), de data de Decembro de 2020.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 12.03.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola no campo de fútbol de Santa Mariña, na parroquia de Cabral, ubicado na rúa Subida a Coto Grande s/n, parcela propiedade Nº 0598 do Inventario municipal de bens inmobles, e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, e luminarias existentes para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocarase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Escavación para ubicación de zapatas, con base de formigón armado e placas base para colocación de torres de alumeadado, coas correspondentes proxectores e conexiónado a rede existente.
- Colocación de caseta prefabricada de formigón segundo detalles de proxecto, para ubicar previo desmontaxe da caldeira existente, unha caldeira atmosférica de biomasa, cos seus correspondentes canalización para conexión cos aseos existentes e elementos accesorios para o seu correcto funcionamento.
- Tamén prevese previa escavación de terreo a colocación de colector enterrado cos seus correspondentes arquetas e pozos así como a terminación de soleira de formigón.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 90 días.

IV.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 11.12.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que "Tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descriptiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento" e que a documentación do proxecto "considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das



Concello de Vigo

Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA – CABRAL” suscrito polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (499.908,29 Euros), de data de Decembro de 2020, e con data de sinatura dixital do 11.12.2020.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento interino dun/dunha oficial de instalacións para o Servizo de Educación. Expte. 36675/220.
- .- Prórroga contrato maior aberto Formación 2018. Expte. 327/2202.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría de Admon. Municipal recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10.- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA OFICIAL DE INSTALACIÓNS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 36675/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 28/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/12/2020, asinado pola técnica de xestión da Área de RR HH e Formación, conformado pola técnica de Admon. Xeral (Instrución 03/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Técnico do Servizo de Educación coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, solicita a urxente tramitación do expediente de cobertura dunha praza de oficial de instalacións municipais adscrito ao Centro de Ensino Público de Infantil e Primaria "A Paz - Tintureira".



Concello de Vigo

II.- En resposta a esta petición, a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 03/12/2020, dispuxo ordenar á tramitación de expediente administrativo pola Área de Recursos Humanos e Formación para que polo procedemento legal oportuno, se proceda atender á solicitude de persoal formulada, no que respecta a cobertura da vacante dun oficial de instalacións municipais.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítense informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral interino/a con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) *El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) *La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

En relación á existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de oficial de instalacións municipais en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto terceiro dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente. Así “Nembargantes, con data 30/11/2020, producirase a baixa por xubilación dun novo oficial de oficios, que está asociada a posto cód. 372-oficial servizos internos Educación, de conformidade coa Resolución da concelleira-delegada de organización de data 09/11/2020, incorporada ao expediente 36277/220, que resolve dita baixa por xubilación con efectos de trinta de novembro do presente ano.”

Segundo o artigo 128.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local: “No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la OEP, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos”.

No artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establécese: “1. Os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos previstos no convenio colectivo que resulte aplicable. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal.

2. Os postos vacantes cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal incluíranse na primeira oferta de emprego público que se aprobe logo desa contratación e nos seguintes concursos de traslados, agás que se dispoña a súa amortización.”

No caso que nos ocupa de **contratación interina laboral**, e segundo o informe técnico referido, trátase dunha vacante producida o 30/11/2020, con posterioridade á aprobación da OEP 2019 (publicada no BOP nº174 de 11/09/2019). Polo tanto a referida praza, deberá ser incluída na vindeira oferta de emprego público que se aprobe, salvo que proceda a súa amortización.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo



Concello de Vigo

extinguírase por expiración do tempo convido ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación”.

O persoal contratado/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso tal e como se indica no dito informe técnico: *“En conclusión, a praza antes mencionada de Oficial de Instalacións Municipais, atópase vacante, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente en réxime laboral e deberá ser incluída na vindeira oferta de emprego público que se aprobe, salvo que procedese a súa amortización. De ser cuberta podería adscribirse ao traballador/a contratado interinamente en réxime laboral a un dos tres postos vacantes cód. 300-oficial instalacións municipais que figuran no Servizo, procedéndose a transformación do posto cód. 372-Oficial de servizos internos de Educación, nun posto cód. 300-Oficial Instalacións Municipais, toda vez que ámbolos dous postos contan coas mesmas retribucións, as correspondentes ao Grupo C2, Complemento de Destino-16, Complemento específico, cód. 157.”*

Neste caso, polo tanto, contratación interina laboral co código de posto 300-Oficial de instalacións municipais, adscrito ao Servizo de Educación, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Técnico do Servizo de Educación coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de Educación. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente (trámite 72), a **contratación interina** proposta dun/dunha oficial de instalacións:

“ O custo anual dun posto de Oficial de Instalacións **para o exercicio 2021 e de 34.149,32€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.794,12€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 9.355,20€.**”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de oficial instalacións, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficial instalacións con cargo a praza vacante, a C Elexpuru Pacheco, con dni ***9845**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo*



Concello de Vigo

programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** dunha praza de **oficial de instalacións municipais**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociada ao posto de traballo coa mesma denominación, código retributivo 300, actualmente vacante no Servizo de Educación e, en consecuencia, autorizar o gasto para o exercicio 2021 de **34.149,32€** (dos que **24.794,12€ corresponden a retribucións** e **9.355,20€ a seguridade social a cargo do empregador**). Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral, por un importe anual de 24.794,12€) e 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa, por un importe anual de 9.355,20€).

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo á referida praza vacante de **oficial de instalacións municipais (cód. 300)** a: *C Elexpuru Pacheco, con dni ***9845***, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que ao interesado/a formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto no artigo 15.1.c), do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun

mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo, extinguíndose automaticamente no momento que se cubra definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), que deberá incluírse na seguinte oferta de emprego público que se aprobe (salvo que proceda a súa amortización); sendo adscrito ao Servizo de Educación.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a traballador/a contratado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o/a aspirante contratado/a, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11.- PRÓRROGA CONTRATO MAIOR ABERTO FORMACIÓN 2018. EXPTE. 327/2202.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 28/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/12/2020, asinado pola técnico de Prevención de Riscos Laborais, conformado pola técnica de Admon. Xeral (Instrución 03/12/2020), pola concelleira-delegada de Organización municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 21 de xaneiro de 2019 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en



Concello de Vigo

materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 17 de xaneiro de 2019 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 327/2202).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración” determínase expresamente a posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 21 de xaneiro de 2019, e a prestación do servizo comezou ese mesmo día. O 10 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno Local autorizou a prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 21 de xaneiro de 2020 e o 20 de xaneiro de 2021. O prezo do contrato é de 20.000 € anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consecuencia, procede efectuar a segunda prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de “PLAN RISCOS LABORAIS” (partida 920.1.2279900).

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa da área de RRHH e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 21 de xaneiro de 2019 coa empresa Quirón Prevención, S.L., con CIF B64076482, para o período comprendido entre o 21 de xaneiro de 2021 e o 20 de xaneiro de 2022, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2019; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 20.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria “PLAN RISCOS LABORAIS” (partida 920.1.2279900), de acordo coas seguintes anualidades: ano 2021: 18.904,11 euros e ano 2022: 1.095,89 euros.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez